



MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DEL TERRITORIO E A FUNDACIÓN OSO PARDO PARA O DESENVOLVEMENTO DAS ACTUACIÓNS PREVISTAS NO PROXECTO LIFE16 NAT/ES/000573 “Actions to favour cantabrian brown bear expansion to new territories in Serra do Courel (Galicia, Spain)”

A Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio é o órgano da Xunta de Galicia que ten atribuído o exercicio das competencias e funcións en materia de conservación, protección, uso sustentable, mellora e restauración do patrimonio natural e da biodiversidade de Galicia e dos seus elementos etnográficos, e a súa preservación para as xeracións futuras, de conformidade co Decreto 167/2015, do 13 de novembro, polo que se establece a estrutura desta Consellería.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos a conservación e xestión da fauna silvestre.

Antecedentes

A Fundación Oso Pardo (en adiante FOP) ten entre os seus obxectivos fundacionais a contribución á conservación do oso pardo, o seu hábitat e o seu entorno social e cultural na Cordilleira Cantábrica e Pirineos. Para acadar este obxectivo desenvolve diversas actividades, entre as que se pode citar a vixilancia e seguimento da poboación de osos e o apoio a programas de investigación, restauración, conservación e educación ambiental.

Tanto a FOP como a Xunta de Galicia a través da Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (en adiante CMAOT) participan como beneficiarios no proxecto LIFE16 NAT/ES/000573 “Actions to favour cantabrian brown bear expansion to new territories in Serra do Courel (Galicia, Spain)” (en adiante denominado polo seu acrónimo Life Oso Courel), a primeira como beneficiario coordinador e a segunda como beneficiario asociado.

O 11.05.2017 e o 18.05.2017 asinouse o Acordo de Subvención co número LIFE16 NAT/ES/000573 entre a Unión Europea, representada pola Comisión Europea, e a Fundación Oso Pardo. Neste Acordo de Subvención, concretamente nos artigos II.2.1.a), II.2.3.a) y c) das Disposicións Comúns, recóllese que debe existir outro documento que regule a participación técnica e financeira de cada unha das entidades asociadas ao proxecto. Dito documento é o Acordo de asociación.

Este instrumento ou Acordo de Asociación ha de ser enteiramente compatible co Acordo de Subvención e as súas disposicións, incluído o mandato, que implica que los beneficiarios asociados outorgan poderes ao beneficiario coordinador para actuar no seu nome ante a Comisión, os cales terán prioridade sobre calquera outro acordo entre o beneficiario





coordinador e os beneficiarios asociados que podan ter un efecto sobre a aplicación do mencionado acordo entre a Comisión e o beneficiario coordinador.

Tendo en conta isto cómpre materializar este acordo de asociación baixo a fórmula de convenio de colaboración (de acordo co artigo 47 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público) entre ambas institucións dando así cumprimento ao establecido no Acordo de Subvención sen que a súa denominación comprometa a efectiva execución do proxecto LIFE16 NAT/ES/000573 e sen que supoña unha alteración do seu obxecto que non é outro que a instrumentalización da participación técnica e financeira de cada unha das entidades asociadas ao proxecto.

Participa tamén no proxecto, como beneficiario asociado, a Asociación Galega de Custodia do Territorio (AGCT).

O beneficiario coordinador actuará como intermediario para calquera comunicación entre o os beneficiarios asociados e a Comisión Europea, así mesmo, será o único que percibirá os pagos procedentes da Comisión e deberá transferir o importe correspondente a cada beneficiario asociado.

O proxecto iniciouse o 01 de xullo de 2017 e finalizará o 31 de decembro de 2020 e o seu obxectivo é favorecer a viabilidade da poboación cantábrica do oso pardo, para o cal promoverase a súa expansión e o seu asentamento permanente na Serra do Courel.

A Dirección Xeral de Patrimonio Natural será o órgano da CMAOT que levará a cabo as actuacións do proxecto que á Consellería lle corresponde executar.

Existe un compromiso previo, ao inicio do proxecto, por parte da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, para executar o proxecto segundo as condicións aprobadas polo que estanse facendo os trámites necesarios para executar a actuación planificada para o presente exercicio.

Finalidade:

Este instrumento, establécese para formalizar a relación entre a FOP e a CMAOT no marco do proxecto LIFE OSO COUREL LIFE16 NAT/ES/000573, tal e como se describe no Acordo de Subvención, asinado os días 11 e 18 de maio de 2017 pola FOP e a Comisión.

Forman parte deste acordo de asociación, o Acordo de Subvención, as disposicións especiais (incluídas no acordo de subvención), as disposicións comúns e a proposta completa do proxecto LIFE.

As disposicións do Acordo de Subvención, incluído o mandato que establece que o beneficiario asociado outorga ao beneficiario coordinador a representación para actuar no seu





nome ante a Comisión, os cales terán prioridade sobre calquera outro acordo entre a FOP e a CMAOT que podan ter un efecto sobre a aplicación do Acordo de Subvención entre a Comisión e o beneficiario coordinador.

Este instrumento entrará en vigor no momento da súa sinatura, aínda que dará cobertura ás actuacións realizadas pola CMAOT desde a data do inicio do proxecto, e manterá a súa vixencia ata o momento da data do pagamento do saldo polo beneficiario coordinador ao beneficio asociado. En ningún caso poderá superar os catro anos. Excepcionalmente, poderá realizarse una única prórroga de ata un máximo de catro anos.

Conclusión:

Por todo o anterior, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o devandito convenio fóra do ámbito de aplicación do Texto Refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado por Real Decreto Legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, de acordo co previsto no artigo 4.2 da devandita norma, lle sexan de aplicación os principios desta Lei para resolver as dúbidas e lagoas que puidesen presentarse.

Para a tramitación do acordo de colaboración, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Asinado dixitalmente en Santiago de Compostela

A directora xeral de Patrimonio Natural

Ana María Díaz López

